

Universidade da Coruña

REGULAMENTO ELECTORAL XERAL

**Aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión
do 28 de setembro de 2016**

ÍNDICE

• TÍTULO PRIMEIRO. NORMAS XERAIS	3
○ CAPÍTULO I. ÁMBITO DE APLICACIÓN	3
○ CAPÍTULO II. DEREITO DE SUFRAXIO.....	3
○ CAPÍTULO III. DO CENSO ELECTORAL.....	6
○ CAPÍTULO IV. ADMINISTRACIÓN ELECTORAL	7
○ CAPÍTULO V. PROCEDEMENTO ELECTORAL	9
• TÍTULO SEGUNDO. DISPOSICIÓNS RELATIVAS Á ELECCIÓN DE REPRESENTANTES NOS ÓRGANOS COLEXIADOS.....	16
○ CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS.....	16
• TÍTULO TERCEIRO. DISPOSICIÓNS RELATIVAS ÁS ELECCIÓN A ÓRGANOS UNIPERSOAIS	18
○ CAPÍTULO I. ELECCIÓN A REITORÍA	18
○ CAPÍTULO II. ELECCIÓN A DECANATO OU DIRECCIÓN DE CENTRO.....	20
○ CAPÍTULO III. ELECCIÓN A DIRECCIÓN DE DEPARTAMENTO.....	21
• DISPOSICIÓNS ADICIONAIS	22
• DISPOSICIÓN TRANSITORIA	23
• DISPOSICIÓN DERROGATORIA	23
• DISPOSICIÓN DERRADEIRA.....	23
• ANEXO I	24

REGULAMENTO ELECTORAL XERAL

PARA A ELECCIÓN DE REPRESENTANTES EN ÓRGANOS COLEXIADOS E UNIPERSONAIS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

O Regulamento electoral xeral (REX), expresión da autonomía universitaria, é unha norma interna esencial para o funcionamento democrático e transparente da Universidade. Os Estatutos da Universidade da Coruña desenvolven os aspectos básicos previstos na Lei orgánica de universidades (LOU) sobre o modo de elección dos órganos unipersoais e dos representantes dos distintos sectores universitarios nos órganos de goberno. Pola súa vez, este regulamento concreta e aclara todos os aspectos operativos necesarios para dotar de seguranza xurídica os procedementos electorais da Universidade.

O anterior Regulamento electoral xeral, aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión de 29 de setembro de 2011, xa incluíu importantes modificacións que actualizaron o texto á legalidade vixente e á nova realidade da Universidade. Porén, son precisos máis cambios para dispor dun regulamento máis acaído e que, con base na experiencia adquirida nos diferentes procesos electorais, sexa máis axeitado e práctico.

TÍTULO PRIMEIRO. NORMAS XERAIS

CAPÍTULO I. ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 1. Ámbito de aplicación

1. Este regulamento será de aplicación aos procesos de elección dos seguintes órganos unipersoais e colexiados da Universidade da Coruña:

- a) Representantes no Claustro Universitario, xuntas de facultade, xuntas de escola e consellos de departamento
- b) Persoas titulares dos decanatos, direccións de escola e departamentos
- c) Persoas titulares da Reitoría
- d) Membros do Consello de Goberno e representantes do Consello de Goberno no Consello Social

2. Este regulamento aplicarase supletoriamente aos restantes procedementos electorais regulados por normas especiais.

3. En caso de dúbida ou lagoa interpretativa, o Regulamento electoral xeral será interpretado de conformidade coa Lei orgánica electoral xeral e demais doutrina xurisprudencial aplicable aos procesos electorais.

CAPÍTULO II. DEREITO DE SUFRAXIO

Artigo 2. Dereito de sufraxio

1. Teñen dereito de sufraxio activo e pasivo todas as persoas que foren membros da comunidade universitaria, de acordo cos requisitos que establecen a LOU, os Estatutos da Universidade da Coruña e este regulamento.

2. Os requisitos esixidos para exercer o dereito de sufraxio activo deberán reunirse o día da publicación do censo definitivo e manterse até o día da votación, de conformidade co establecido neste regulamento (artigos 2.5 e 5.6). Os requisitos esixidos para exercer o dereito de sufraxio pasivo deberán reunirse na data de presentación de candidaturas e manterse até que as eleccións tiveren lugar.

Só son elixibles para órganos unipersoais as persoas que, reunindo a calidade de electoras, estando en activo ou equivalente no persoal laboral, e tendo dedicación a tempo completo, presentaren a súa candidatura conforme ao disposto neste regulamento e foren proclamadas candidatas de forma definitiva.

3. O sufraxio, dentro de cada un dos sectores considerados en cada elección, é universal, igual, libre, directo e secreto.

4. O dereito de sufraxio activo é persoal e intransferible, sen se admitir a delegación no seu exercicio nin o voto por correo.

5. Para exercer o dereito de sufraxio activo é necesario estar en servizo activo no momento da proclamación do censo definitivo. Non será elector/a quen desempeñar a praza ou o posto fóra da Universidade da Coruña en comisión de servizos, servizos especiais ou situación equivalente. As persoas nomeadas ou contratadas como persoal docente e investigador ou de administración e servizos doutras universidades ou administracións distintas que prestaren servizos na UDC en comisión de servizos ou situación equivalente só poderán exercer o dereito de sufraxio activo cando levaren máis de seis meses prestando servizos na UDC no momento da votación.

6. Ninguén pode votar máis dunha vez no mesmo proceso electoral. Cando no desenvolvemento dun mesmo proceso electoral un membro da comunidade universitaria pertencer a máis dun sector, será adscrito de oficio pola Secretaría Xeral ao sector que lle outorgar mellor dereito, entendéndose que outorga mellor dereito o sector A sobre o B, o B sobre o C e o D sobre o C. De non estar de acordo con esta adscrición, a persoa interesada poderá presentar unha reclamación ao censo provisorio para solicitar a correspondente rectificación. A resolución desta reclamación pon fin á vía administrativa, sen prexuízo da calquera outro recurso que se estimar pertinente.

7. Consonte os Estatutos da Universidade da Coruña, todos os órganos unipersoais da Universidade da Coruña terán limitados os seus mandatos a dous consecutivos e improrrogables. A Comisión Electoral Central velará pola aplicación deste criterio estatutario nos distintos procesos electorais.

8. O persoal docente e investigador que imparta docencia oficial en máis dun centro será elector no centro en que desenvolva maioritariamente a súa docencia, de acordo co Plan de organización docente (POD) vixente no momento da convocatoria do procedemento electoral correspondente.

Artigo 3. Composición dos sectores de votación

1. Os sectores de votación, con carácter xeral, son os catro seguintes (en cada procedemento explicárase polo miúdo as condicións que require cada sector para ser membro seu):

a) SECTOR A

O persoal docente e investigador con vinculación permanente á Universidade da Coruña.

b) SECTOR B

O resto de persoal docente investigador.

As persoas contratadas por obra ou servizo con cargo ao capítulo VI da Universidade da Coruña, a excepción daqueles que o sexan en virtude de convocatorias competitivas realizadas por outras entidades, sempre que acrediten unha vinculación coa Universidade da Coruña superior a un ano dentro dos últimos dezoito meses.

c) SECTOR C

O estudiantado matriculado en estudos conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio estatal, impartidos nos centros propios da Universidade da Coruña.

d) SECTOR D

O persoal de administración e servizos en situación de servizo activo ou equivalente e con destino na Universidade da Coruña.

2. A Comisión Electoral Central clasificará, de oficio ou por instancia de parte, nalgun dos sectores anteriores as modalidades contratuais docentes e/ou investigadoras que puideren realizarse validamente conforme ao ordenamento xurídico vixente en cada momento e en atención ás correspondentes funcións do posto de traballo que desenvolvan.

Artigo 4. Circunscricións e colexios electorais

1. Son circunscricións electorais:

a) Nas eleccións a representantes no Claustro Universitario:

- Cada un dos centros que se relacionan no anexo I, para o caso do profesorado doutor con vinculación permanente ou dos membros das restantes categorías de persoal docente e investigador, así como os estudantes de grao e mestrado.
- A Escola Internacional de Doutoramento para os estudantes de terceiro ciclo.
- Circunscrición única para o PAS
- Circunscrición única para os colectivos incluídos no parágrafo segundo do sector B recollidos no artigo 3.

b) Nas eleccións a representantes nas xuntas de facultade ou escola, cada un dos centros que se relacionan no anexo I (facultades e escolas propias da UDC)

c) Nas eleccións a representantes nos consellos de departamento, cada un dos departamentos que se relacionan no anexo I propios da UDC

d) Nas eleccións a reitor/a, a Universidade da Coruña será a única circunscrición para cada uns dos sectores.

2. Son colexios electorais:

a) Nas eleccións a representantes no Claustro Universitario e a reitor/a, o conxunto de persoas electoras da comunidade universitaria.

b) Nas eleccións a representantes nas xuntas de facultade ou de escola e nos consellos de departamento, o conxunto de persoas electoras inscritas no censo do respectivo centro ou departamento.

- c) Nas eleccións a decano/a de facultade ou director/a de escola, as respectivas xuntas de facultade ou de escola.
- d) Nas eleccións a director/a de departamento, o consello de departamento
- e) Nas eleccións a membros do Consello de Goberno elixidos entre decanos/as de facultade, directores/as de escola e directores/as de departamentos, cada un dos tipos de órgano unipersoal.

CAPÍTULO III. DO CENSO ELECTORAL

Artigo 5. Elaboración e publicación do censo electoral

1. A Secretaría Xeral da UDC é o órgano responsable da elaboración e actualización do censo electoral para a elección de representantes en órganos colexiados e dos órganos unipersoais. A Secretaría Xeral adscribirá de oficio as persoas electoras ás respectivas circunscricións e sectores de acordo co disposto neste regulamento.
2. Os servizos de PAS e PDI, os servizos de Xestión Académica e de Investigación, así como as secretarías dos centros e departamentos, notificaránlle inmediatamente de oficio á Secretaría Xeral calquera alta ou baixa que se producir no correspondente colexio electoral. Os censos dos órganos colexiados de facultades, escolas e departamentos serán actualizados pola Secretaría Xeral a respecto das incorporacións ou baixas que non requiriren eleccións.
3. No caso de que a asignación no POD cambie e se dea a situación de que a persoa en cuestión teña maior docencia oficial nun centro diferente ao que foi asignado, poderá ser asignado ao censo do novo centro no mesmo sector sempre que non sexa un sector no que se decidan os seus membros por votación. Neste caso, darase de baixa á persoa á que lle cambiou a docencia oficial do xeito exposto e o seu lugar será ocupado pola persoa candidata non electa con maior número de votos que manteña as condicións polas que participou no proceso electoral.
4. No censo electoral inclúiranse o nome e os apelidos das persoas electoras e o número do seu documento oficial de identificación. Este último dato poderá omitirse na publicación do censo.
5. Os censos electorais serán publicados na páxina web da Universidade da Coruña nos prazos que se estableceren no correspondente calendario electoral de cada proceso. Para tal efecto, a Secretaría Xeral creará na páxina web da UDC un taboleiro electoral electrónico en que estarán dispoñibles todos os documentos e trámites relativos ao correspondente procedemento.
6. O censo electoral definitivo de cada procedemento habilita para o exercicio do dereito de sufraxio activo na correspondente votación, salvo que con posterioridade á súa publicación a persoa titular perda os requisitos necesarios para a súa titularidade, de conformidade con este regulamento. Nestes casos, a Secretaría Xeral eliminará tal persoa do censo de votación e comunicará á persoa ou persoas afectadas da nova situación. De producirse un cambio dun sector de votación a outro, a persoa electora afectada exercerá o seu dereito de sufraxio activo no sector en que figura na publicación do censo definitivo.

CAPÍTULO IV. ADMINISTRACIÓN ELECTORAL

Artigo 6. Finalidade e composición

1. A Administración electoral ten por finalidade controlar o proceso electoral e garantir a súa legalidade, transparencia, trazabilidade e obxectividade.
2. A Administración electoral está integrada pola Comisión Electoral Central e, no caso das eleccións a representantes nos órganos colexiados, tamén polas mesas electorais.
3. A condición de presidente/a, vogal ou secretario/a da Comisión Electoral Central é incompatible coa condición de candidato/a a un órgano unipersoal nun proceso electoral por ela organizado.

Artigo 7. Da Comisión Electoral Central

1. A Comisión Electoral Central é o órgano colexiado responsable da organización e o seguimento dos procesos electorais xerais da Universidade da Coruña.
2. A Comisión Electoral Central terá as seguintes funcións:
 - a) A resolución das reclamacións e recursos que se interpuxeren contra a inclusión ou exclusión no censo, así como contra a adscrición por circunscricións e sectores realizada pola Secretaría Xeral.
 - b) A recepción das candidaturas e a proclamación de candidatos/as, así como a resolución dos recursos que se interpuxeren contra esta proclamación.
 - c) A aprobación dos modelos oficiais de documentos, papeletas e credenciais necesarios para o desenvolvemento do procedemento electoral.
 - d) A organización do procedemento de emisión de voto, a determinación do número e a situación das mesas electorais.
 - e) O exame e a resolución das causas xustificadas que impedirán formar parte das mesas electorais.
 - f) A dirección e coordinación das mesas electorais.
 - g) A verificación do recuento.
 - h) A proclamación dos resultados provisionais e definitivos das eleccións.
 - i) A remisión ao reitor ou á reitora das cuestións disciplinarias que se produciren en relación cos procesos electorais.
 - j) A resolución das consultas que lle fixeren os órganos da universidade ou as persoas interesadas acerca de asuntos da súa competencia e, en particular, acerca da interpretación e aplicación da normativa electoral.
 - k) Calquera outra recollida neste regulamento, así como aquelas que non sendo atribuídas a outro órgano da Universidade tiveren relación coa xestión e o control dos procesos electorais.
 - l) As suxestións de melloras ao Consello de Goberno sobre calquera cuestión relacionada co réxime electoral para a posible modificación da normativa electoral da UDC.
3. Os acordos da Comisión Electoral Central esgotan a vía administrativa.

Artigo 8. Normas de funcionamento da Comisión Electoral Central

1. As reunións da Comisión Electoral Central son convocadas pola súa secretaría, por orde do/a presidente/a, para tratar os asuntos da súa competencia. O/a presidente/a debe convocar a reunión de o solicitaren cando menos dous dos seus membros.

2. É necesaria a presenza de cando menos tres membros da Comisión, sen incluír o/a secretario/a, para a considerar validamente constituída. En caso de ausencia de quen a presidir, actuará como tal o vogal de maior idade dos presentes. En caso de ausencia do/a secretario/a, actuará como tal o membro da Comisión presente na sesión que designar o/a presidente/a.

3. Os acordos tómanse por maioría simple. En caso de empate, decide o voto de calidade do/a presidente/a.

4. A Comisión Electoral Central terá a súa sede na Reitoría.

5. A Xerencia da Universidade adscribirá temporalmente á Comisión Electoral Central o persoal de administración e servizos necesario para realizar a súa actividade.

Artigo 9. Composición da Comisión Electoral Central

1. A Comisión Electoral Central está integrada polos seguintes membros:

- O/a secretario/a xeral, que a presidirá.
- Cinco vogais elixidos polo Claustro Universitario de entre os seus membros, con garantía da representación de todos os sectores que o integran: dous membros do profesorado doutor con vinculación permanente, un membro das restantes categorías de persoal docente e investigador, un/ha estudante e un membro do PAS. Na elección destes vogais actuará como mesa electoral a Mesa do Claustro.
- Un membro do PAS, nomeado polo/a secretario/a xeral, que actuará como secretario/a da Comisión Electoral Central e participará nas súas sesións con voz e sen voto.

2. O mandato da Comisión Electoral Central será de catro anos, salvo para o representante do estudantado, que se renovará cada dous anos.

Artigo 10. Mesas electorais

1. Correspóndelles ás mesas presidir a votación, conservar a orde, realizar o escrutinio e velar pola limpeza do proceso electoral.

Artigo 11. Interventores/as

1. Os/as candidatos/as poden propor até tres días antes da data da votación o nomeamento dun/ha interventor/a por cada mesa electoral electrónica. Así mesmo, poderán propor o nomeamento dunha persoa suplente que substituirá a interventora mentres esta exerce o seu dereito de sufraxio na mesa que lle corresponde.

2. Os/as interventores/as e suplentes propostos deben ter a condición de electores/as inscritos/as no censo electoral e non ser membros da mesa electoral electrónica. Unha vez comprobadas estas condicións, a Comisión Electoral Central entregarlles a credencial correspondente e comunicarlle a quen presidir a mesa electoral a identidade dos/as interventores/as e suplentes acreditados antes do día da votación.

3. Os/as interventores/as deben acreditarse perante a presidencia da mesa electoral cando menos 15 minutos antes da hora fixada para o inicio da votación. O/a presidente/a comprobará a súa identidade.

4. Se as persoas interventoras se presentaren na mesa electoral electrónica despois da hora sinalada na epígrafe terceira e unha vez redactada a acta de constitución, o/a presidente/a non as admitirá na mesa.

CAPÍTULO V. PROCEDEMENTO ELECTORAL

Artigo 12. Trámites e prazos

1. O procedemento electoral consta dos seguintes trámites, que terán que se realizar nos prazos establecidos para cada un deles, de acordo co disposto neste regulamento:

- a) Convocatoria das eleccións
- b) Publicación do censo provisorio
- c) Prazo de presentación de recursos e solicitudes de rectificación do censo provisorio
- d) Aprobación e publicación do censo definitivo
- e) Proclamación provisoria de candidatos/as
- f) Prazo de presentación de recursos contra a proclamación provisoria de candidatos/as
- g) Proclamación definitiva de candidatos/as
- h) Campaña electoral
- i) Eleccións
- j) Proclamación provisoria do/a candidato/a electo/a
- k) Prazo de presentación de recursos contra a proclamación provisoria dos/as candidatos/as electos/as
- l) Proclamación definitiva do/a candidato/a electo/a

2. Caso de ser necesaria unha segunda volta nas eleccións que a admiten, mantense as mesas constituídas na primeira volta. Nesta segunda volta, os trámites serán os seguintes:

- a) Eleccións: no prazo máximo de sete días hábiles que contarán desde a data en que tiveron lugar as eleccións en primeira volta.
- b) Proclamación provisoria do/a candidato/a electo/a
- c) Prazo de recurso contra a proclamación provisoria dos/as candidatos/as electos/as
- d) Proclamación definitiva do/a candidato/a electo/a

3. O cómputo dos trámites e prazos realizarase sobre días hábiles, de acordo co calendario académico aprobado polo Consello de Goberno da Universidade da Coruña. Para os efectos do cumprimento do prazo para presentar solicitudes e recursos, o prazo finalizará ás 14.00 horas do último día fixado.

4. Non poderán ter lugar eleccións durante os períodos que non foren lectivos. O mes de agosto é inhábil para efectuar eleccións a representantes nos órganos colexiados e eleccións a órganos unipersoais.

Artigo 13. Convocatoria das eleccións

1. A convocatoria de eleccións a representantes nos órganos colexiados realizarase por resolución reitoral cando menos cun mes de antelación á expiración do mandato, logo do informe do Consello de Goberno.

2. A convocatoria de eleccións a órganos unipersoais será realizada pola persoa titular do órgano unipersoal cando menos cun mes de antelación á expiración do seu mandato, salvo que o cesamento se producir por outra causa, en cuxo caso será realizada por quen a substituír dentro dos vinte días naturais seguintes ao cesamento. En caso de incumprimento desta obriga de convocar as eleccións, estas serán convocadas por resolución reitoral.

3. A convocatoria conterá os seguintes elementos:

- a) Data de publicación do censo provisorio
- b) Prazos de presentación e resolución de recursos e solicitudes de rectificación do censo provisorio
- c) Data de publicación do censo definitivo
- d) Requisitos e formalidades para presentar candidaturas
- e) Prazo de presentación de candidaturas
- f) Proclamación provisorio de candidatos/as
- g) Prazos de presentación e resolución de recursos e solicitudes de rectificación da proclamación provisorio de candidatos/as
- h) Proclamación definitiva de candidatos/as
- i) Data e lugar da votación
- j) Data da proclamación provisorio do/a candidato/a electo/a
- k) Prazos de presentación e resolución de recursos e solicitudes de rectificación da proclamación provisorio dos/as candidatos/as electos/as
- l) Data de proclamación definitiva do/a candidato/a electo/a

4. A convocatoria farase pública no taboleiro electoral electrónico da UDC.

Artigo 14. Solicitud de rectificación do censo e recursos

1. Unha vez publicado o censo provisorio, calquera titular do dereito de sufraxio poderá solicitar a súa rectificación mediante escrito razoado dirixido a quen presidir a Comisión Electoral Central. A Secretaría Xeral habilitará a aplicación informática para a redacción e presentación telemática do anterior escrito.

2. O prazo para a presentación de rectificacións do censo será de tres días hábiles, que contarán desde o seguinte á publicación do censo no taboleiro electoral electrónico.

3. A Comisión Electoral Central resolverá sobre as solicitudes no prazo máximo dos tres días hábiles seguintes á finalización do prazo de tres días hábiles establecido para solicitar a rectificación. Contra esta decisión non cabe ulterior recurso en vía administrativa. Os acordos serán publicados no taboleiro electoral electrónico.

4. O censo definitivo publicarase ao día seguinte do cumprimento do mencionado prazo de tres días, e cando menos dez días naturais antes da data das eleccións.

Artigo 15. Presentación de candidaturas

1. Poden presentar candidaturas as persoas que, de conformidade con este regulamento, tiveren a condición de elixibles.
2. As candidaturas presentaranse mediante a instancia electrónica que estará accesible no taboleiro electoral electrónico até as 14:00 horas do último día do prazo previsto para o efecto. Para as eleccións a órganos unipersoais de centros e departamentos, a instancia pode non ser electrónica.
3. As candidaturas son individuais para os efectos de presentación, votación e escrutinio. Os/as candidatos/as poden agruparse para realizaren a campaña electoral, en cuxo caso se indicará no seu escrito de presentación de candidaturas a denominación ou sigla que representa a agrupación, que se incluírá na papeleta electoral ao lado do nome do/a candidato/a. Se houber coincidencia na denominación ou sigla por parte de dúas ou máis agrupacións distintas, daráselle preferencia á que se rexistrase con anterioridade.
4. Cando as candidaturas se agruparen en listaxes, estas deberán tender a contar cunha composición equilibrada de mulleres e homes, de forma que no conxunto da listaxe da correspondente circunscrición os candidatos de cada un dos sexos supoñan como mínimo o 40%.

Artigo 16. Proclamación provisoria e definitiva de candidatos/as e prazos de presentación e resolución de recursos e solicitudes de rectificación

1. Finalizado o prazo de presentación de candidaturas, a Comisión Electoral Central procederá, no prazo máximo de dous días hábiles, a realizar a proclamación provisoria de candidatos/as, que se publicará no taboleiro electoral electrónico.
2. Dentro do prazo de dous días hábiles, que contarán a partir da data da proclamación provisoria de candidaturas, poderán presentarse recursos e solicitudes de rectificación mediante a instancia electrónica que estará dispoñible no taboleiro electoral electrónico da UDC. Os recursos e as solicitudes de rectificación deberán resolverse nun prazo de dous días hábiles que contarán desde a finalización do prazo de presentación.
3. Se non se presentaren recursos nin solicitudes de rectificación no prazo fixado, ou unha vez que se resolvan, a Comisión Electoral Central procederá á proclamación definitiva de candidaturas.
4. Se o número de candidaturas definitivas proclamadas for igual ou inferior ao número de postos ou vacantes para cubrir no proceso electoral, as persoas candidatas definitivas serán proclamadas electas sen necesidade de proceder á votación.

Artigo 17. Campaña electoral

1. A campaña electoral comprende as actividades de propaganda que desenvolverán as persoas candidatas proclamadas co obxecto de captaren votos nos centros e nas dependencias da Universidade da Coruña, incluídos os que non formaren parte da circunscrición en que poden ser elixidos os/as candidatos/as.
2. A campaña electoral iniciarase o primeiro día hábil seguinte ao da proclamación definitiva de candidatos/as e terá unha duración de entre tres e sete días hábiles.

3. Os decanatos e as direccións de centros habilitarán un espazo específico e visible para a propaganda electoral. Igualmente, darán as facilidades pertinentes para o desenvolvemento dos actos de campaña, sen poderen en ningún caso suspender as actividades académicas ordinarias.

4. Durante o período de campaña electoral, as candidaturas presentadas poderán utilizar as listaxes institucionais de correo electrónico da UDC para enviaren propaganda electoral á comunidade universitaria. De conformidade cos criterios que establecer a Comisión Electoral Central, a Secretaría Xeral moderará estes envíos para garantir un uso igualitario e proporcionado deste medio de comunicación, do que dará conta á Comisión Electoral Central.

5. Os envíos a través do correo web institucional serán autorizados, salvo cando a Secretaría Xeral, logo de consultar á Comisión Electoral Central, aprecie motivadamente, de conformidade cos criterios de obxectividade, imparcialidade e proporcionalidade, que o seu contido poida integrar o tipo penal de inxurias, calumnias ou calquera outro delito penalmente tipificado.

Artigo 18. Papeletas electorais

1. A Comisión Electoral Central elaborará as papeletas de votación, velando pola clara diferenciación, no seu caso, entre os distintos procesos electorais e entre os distintos sectores.

2. Nas papeletas figurarán agrupados os nomes das persoas candidatas. A orde alfabética será fixada de acordo co resultado do sorteo vixente, no momento da convocatoria das eleccións correspondentes da UDC, da Consellería de Facenda a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. Cada candidatura irá precedida por un recadro en branco, en que as persoas electoras marcarán unha cruz para concederen o seu voto, e seguidos, se for o caso, pola denominación ou sigla que identifica a súa agrupación.

3. A papeleta deberá conter, igualmente, os parámetros que terá que respectar cada votante na emisión do seu voto, de acordo co previsto no artigo 20.

4. Só nos procesos para elección de decano/a ou director/a de centro e de director/a de departamento haberá papeleta física en papel. No resto dos procesos electorais a papeleta será electrónica.

Artigo 19. Votación

1. O sistema de votación ordinario da UDC é o voto electrónico. Só nas eleccións a director/a de centro ou departamento empregárase a votación física en papel.

2. Nos procesos de votación electrónica as mesas permanecerán abertas polo menos durante cinco horas no día da elección. As votacións físicas en papel realizáranse no marco dunha sesión extraordinaria do órgano cuxo/a director/a vaia ser elixido.

3. Antes de proceder a votar a persoa electora deberá identificarse debidamente.

4. Nas votacións electrónicas a aplicación informática garantirá a comprobación segura da identidade da persoa electora, así como que o voto se emita en condición de segredo e igualdade.

5. As persoas electoras con diversidade funcional poden servirse para a emisión do seu voto dunha persoa de confianza ou do/a presidente/a da mesa electoral. A disposición das urnas farase de xeito que poidan acceder a elas as persoas con mobilidade reducida.

Artigo 20. Modo de exercicio do dereito ao voto

1. O voto é secreto, persoal e intransferible, razón pola cal non se admitirá a delegación do voto, o voto por correo nin o voto anticipado.

2. Nas eleccións a representantes nos órganos colexiados, as persoas electoras poderán votar como máximo ao 70% do número total de postos para cubrir, excepto no caso dun único posto, conforme a seguinte táboa, en que a columna A indica o número de postos para cubrir e a columna B o número máximo de candidatos/as a que se pode conceder o voto.

Así mesmo, para os efectos de promover a paridade entre os sexos nos órganos colexiados, cada elector/a poderá votar como máximo ao 60% das candidaturas dun dos sexos, determinado sobre o número máximo de persoas candidatas a que se pode votar, de acordo coa distribución indicada na columna C.

A	B	C	A	B	C
1	1	1	21	14	8
2	1	1	22	15	9
3	2	1	23	16	10
4	2	1	24	16	10
5	3	2	25	17	10
6	4	2	26	18	11
7	4	2	27	18	11
8	5	3	28	19	11
9	6	4	29	20	12
10	7	4	30	21	13
11	7	4	31	21	13
12	8	5	32	22	13
13	9	5	33	23	14
14	9	5	34	23	14
15	10	6	35	24	14
16	11	7	36	25	15
17	11	7	37	25	15
18	12	7	38	26	16
19	13	8	39	27	16
20	14	8	40	28	17

6. As persoas candidatas que obtiveren un maior número de votos serán proclamadas electas até completar o número de representantes asignados a cada sector para elixir.

7. Cada elector/a poderá votar unicamente as persoas representantes do seu sector.

Artigo 21. Votos nulos e en branco

A consideración de voto nulo e en branco farase de acordo co artigo 96 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.

Artigo 22. Escrutinio

1. Unha vez concluída a votación a mesa comezará o escrutinio, que será público.
2. Nos procesos con votación electrónica, serán os membros da Mesa Electoral Electrónica os que accederán ao proceso informático de escrutinio mediante unhas chaves de acceso que teñen na súa posesión e que lles permiten só o acceso a eles. Para que o acceso ao escrutinio sexa efectivo fará falla o emprego dun número determinado de chaves de acceso que virá determinado na convocatoria do correspondente proceso electoral. O escrutinio en votación con papeleta física en papel realizarase extraendo o/a presidente/a, unha a unha, as papeletas da urna correspondente e lendo en voz alta o nome dos/as candidatos/as votados/as. O/a presidente/a mostrará a papeleta lida a vogais e interventores/as.
3. Se algunha persoa das interventoras ou electoras presentes tiver dúbidas acerca do contido dunha papeleta poderá pedir no acto, e deberá concedérselle, a posibilidade de a comprobar.
4. Feito o reconto de votos, o/a presidente/a preguntará se hai alegacións contra o escrutinio e, de non existiren, ou despois de seren resoltas pola mesa as que se presentaren, anunciará en voz alta o resultado, con especificación do número de votantes, o de votos en branco, o de votos nulos (no caso de votación en papeleta física) e o de votos obtidos por cada candidato/a.
5. As papeletas extraídas das urnas destruíranse no mesmo acto, con excepción daquelas a que se negase validez ou fosen obxecto dalgunha reclamación, que se unirán á acta e se arquivarán con ela, unha vez asinadas polos membros da mesa.
6. Concluídas estas operacións, o/a secretario/a da mesa emitirá por triplicado a acta da sesión, na cal se indicará o número de persoas electoras da mesa segundo as listaxes do censo electoral, o de persoas electoras que exerceron o dereito a voto, o de votos nulos, para o caso de votación en papeleta física, e en branco, ben como o de votos obtidos por cada candidato/a. Recolleranse tamén as reclamacións e protestas formuladas polos/as electores/as e interventores/as sobre a votación e o escrutinio, así como as resolucións motivadas da mesa sobre elas, cos votos particulares se os houber. Así mesmo, consignarase calquera incidente que se producir.
7. Todos/as os/as candidatos/as e interventores/as teñen dereito a que se lles entregue gratuíta e inmediatamente unha copia da acta. Baixo ningún pretexto a mesa poderá escusar esta obriga.
8. Nas votacións das eleccións a director/a de centro ou departamento en que se empregue a votación física en papel, o/a presidente/a da mesa, acompañado/a polos membros da mesa que o desexaren, entregará inmediatamente á Comisión Electoral Central un exemplar da acta da sesión extraordinaria en que teña lugar a votación e onde figurará a acta orixinal de constitución da mesa, da listaxe numerada de votantes, e dos votos nulos ou que fosen obxecto dalgunha reclamación.

Artigo 23. Proclamación provisoria de candidatos/as electos/as

1. A Comisión Electoral Central procederá á comprobación das actas do escrutinio, para o que verificará o recuento dos votos emitidos e admitidos como válidos nas diversas mesas, segundo as correspondentes actas. De existiren reclamacións sobre os votos resolverá segundo corresponder.
2. Non pode anularse a votación dunha mesa electoral como consecuencia de reclamacións alleas ás normas sobre votación e escrutinio.
3. A anulación da votación nunha ou varias mesas non producirá a nulidade da elección cando esta invalidez non alterar o resultado final.
4. Concluído o escrutinio xeral, a Comisión Electoral Central emitirá por duplicado unha acta de escrutinio do colexio electoral correspondente, que conterá mención expresa do número de persoas electoras de cada mesa, segundo as listaxes do censo electoral, de votantes, dos votos obtidos por cada candidato/a, dos votos en branco e dos votos nulos, se corresponder.
5. A Comisión Electoral Central proclamará provisionalmente os/as candidatos/as electos/as en acta asinada polo/a presidente/a e o/a secretario/a, con indicación expresa dos votos obtidos por cada candidato/a e a relación nominal de persoas electas.
6. Caso de dúas ou máis persoas candidatas obtiren o mesmo número de votos, daráselle preferencia para a proclamación como candidata electa a aquela que leve máis tempo vinculada á Universidade da Coruña como membro do seu sector.

No caso do estudiantado, a referencia será o curso no que se matriculou na titulación pola que participa no proceso electoral; no caso do PDI será a data de alta como PDI da UDC; e no caso do PAS, a data de alta como PAS da UDC. De persistir o empate daráselle preferencia a aquela de máis idade.

Artigo 24. Recursos

Contra os acordos da Comisión Electoral Central de proclamación de candidaturas electas caberá recurso potestativo de reposición, previo á vía contencioso-administrativa, que deberá ser formulado no prazo de dous días que comezan a contar desde a publicación da proclamación provisoria de candidaturas electas. O prazo para a súa resolución é de tres días contados desde a finalización do prazo fixado para a súa interposición.

Artigo 25. Proclamación definitiva de candidatos/as electos/as

Unha vez resoltos os recursos que se interpuxeren contra a proclamación provisoria de candidaturas electas, ou transcorrido o prazo previsto sen que se interpuxese ningún, a Comisión Electoral Central procederá á proclamación definitiva das candidaturas electas.

Artigo 26. Remisión da documentación

A Comisión Electoral Central remitirá a relación de persoas candidatas electas, así como a relación de persoas candidatas non-electas ordenada polo número de votos obtidos, exclusivamente nas eleccións á dirección de centros e departamentos.

Artigo 27. Mantemento da condición de elixible das persoas representantes nos órganos colexiados e cobertura de vacantes

1. As condicións esixidas para o acceso a un cargo representativo nun órgano colexiado en calquera dos seus sectores deben manterse durante toda a duración do

mandato. Causarán baixa e darán lugar a unha vacante as persoas electas que deixaren de contar coas condicións que dan lugar á titularidade do dereito de sufraxio pasivo no sector por que foron elixidas. No sector do estudantado, causará baixa no caso de que finalice e pague as taxas da titulación pola que participou no proceso electoral ou que non se matricule nesa titulación unha vez rematado o prazo correspondente, salvo os representantes electos que, ao remataren os seus estudos de grao, se matriculen no mesmo centro nun mestrado oficial da UDC.

2. Producida algunha vacante, a Secretaría Xeral nomeará electo/a á seguinte persoa candidata non electa que figure na relación prevista no artigo 26. Caso de non haber persoas candidatas, o posto permanecerá vacante até que tiveren lugar novas eleccións.

TÍTULO SEGUNDO. DISPOSICIÓNS RELATIVAS Á ELECCIÓN DE REPRESENTANTES NOS ÓRGANOS COLEXIADOS

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 28. Cuestións relativas ao Claustro Universitario

O Claustro Universitario estará composto polo número de membros que estableza a súa regulación específica.

Artigo 29. Cuestións relativas ao Consello de Goberno

1. O Consello de Goberno estará composto polos membros que estableza a súa regulación específica.

2. Os/as candidatos/as electos/as serán nomeados polo/a reitor/a membros do Consello de Goberno.

3. En caso de cesamento, para a substitución dos/as conselleiros/as mencionados na alínea d) será nomeada a seguinte persoa máis votada nas últimas eleccións, e se iso non abondar para cubrir as prazas procederase a unha nova elección para o tempo que reste até cubrir o período de catro anos.

Artigo 30. Cuestións relativas ás xuntas de facultade ou escola

1. As xuntas de facultade ou escola comporanas:

a) O/a decano/a ou director/a, que a convocará e presidirá.

b) Os/as vicedecanos/as ou subdirectores/as, e o/a secretario/a da facultade ou escola, que o será tamén da xunta.

c) Todo o profesorado con vinculación permanente á Universidade, co límite do 51% do número total de membros da xunta. Unha representación do resto de profesorado que imparta docencia maioritaria no centro e do persoal investigador e en formación que colabora na docencia nunha proporción do 12%, sempre que for posible.

d) Unha representación do estudantado do centro nunha proporción do 28%.

e) Unha representación do persoal de administración e servizos do centro nunha proporción do 9% total dos membros da xunta. Deberán convocarse eleccións a representantes do persoal de administración e servizos na xunta de facultade ou

escola cando o número de integrantes deste sector no centro for superior á porcentaxe indicada. En caso contrario, serán membros da xunta de facultade ou escola sen necesidade de eleccións sempre e cando presenten a súa candidatura.

2. As persoas representantes na xunta de facultade ou escola serán elixidas por un período de dous anos.

3. A determinación do número de representantes que corresponde a cada sector será realizada pola Secretaría Xeral coa aprobación do censo definitivo, seguindo as proporcións sinaladas neste artigo.

4. En caso de vacante de representantes, no prazo máximo dun mes a Secretaría Xeral comunicará ao centro en cuestión un novo censo actualizado cubrindo as baixas coas persoas candidatas que no último proceso electoral obtivesen un maior número de votos en cada sector sen acadaren representación. Se as non houber, os postos serán cubertos no seguinte proceso electoral, tras a expiración do mandato da xunta de facultade ou escola.

Artigo 31 . Cuestións relativas ao consello de departamento

1. Os consellos de departamento compóranos:

a) O/a director/a, que o presidirá e convocará, e o/a secretario/a.

b) Todos os doutores e todas as doutoras vinculados/as por relación funcional ou laboral á Universidade, e todos/as os/as profesores/as e axudantes sen título de doutor e a tempo completo integrados no departamento.

c) Unha representación do profesorado a tempo parcial e do persoal investigador en formación que colaborar na docencia e, se for o caso, dos/as lectores/as integrados/as no departamento, que suporá o 5%.

d) Unha representación do estudiantado do ámbito da docencia do departamento que suporá un 28%.

e) Unha persoa representante do persoal de administración e servizos adscrita ao departamento. Deberán convocarse eleccións a representantes do persoal de administración e servizos no consello de departamento cando o número de integrantes deste sector for superior a un. En caso contrario, será membro do consello sen necesidade de eleccións. No caso de departamentos atendidos mediante unidades de apoio á docencia e investigación (UADI), para a designación do seu representante do sector D deberán realizarse eleccións entre os seus membros cando o número de candidaturas presentadas sexa superior a un.

2. As persoas representantes no consello de departamento serán elixidas por un período de dous anos.

3. A determinación do número de representantes que corresponde a cada sector será realizada pola Secretaría Xeral coa aprobación do censo definitivo, seguindo as proporcións sinaladas neste artigo.

4. En caso de vacante de representantes, no prazo máximo dun mes a Secretaría Xeral comunicará ao departamento en cuestión un novo censo actualizado cubrindo as baixas coas persoas candidatas que no último proceso electoral obtivesen un maior número de votos en cada sector sen acadaren representación. Se as non houber, os postos serán cubertos no seguinte proceso electoral, tras a expiración do mandato do consello de departamento.

TÍTULO TERCEIRO. DISPOSICIÓN RELATIVAS ÁS ELECCIÓN A ÓRGANOS UNIPERSOAIS

CAPÍTULO I. ELECCIÓN Á REITORÍA

Artigo 32. Principios xerais

1. O/a reitor/a será elixido/a nos termos previstos pola Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, polos Estatutos da Universidade da Coruña e por este regulamento, coas especificidades previstas neste capítulo.
2. O/a reitor/a electo/a será nomeado/a por decreto da Xunta de Galicia.

Artigo 33. Persoas elixibles

1. Poderán presentar a súa candidatura a reitor/a os/as funcionarios/as do corpo de catedráticos de universidade en activo que prestaren servizos con dedicación a tempo completo na Universidade da Coruña.
2. A Comisión Electoral Central velará pola correcta aplicación das regras estatutarias conforme as cales os reitores terán limitados os seus mandatos a dous consecutivos e improrrogables.

Artigo 34. Persoas electoras

Para os efectos da elección de reitor/a:

- a) Son persoas electoras do sector A os/as profesores/as doutores/as con vinculación permanente á Universidade
- b) Son persoas electoras do sector B os/as profesores/as con vinculación permanente á Universidade que non teñan a condición de doutor/a, e as restantes categorías do PDI
- c) Son persoas electoras do sector C os/as estudantes
- d) Son persoas electoras do sector D os membros do PAS

Artigo 35. Procedemento electoral

1. A convocatoria de eleccións á Reitoría realizarase por resolución reitoral, logo do informe do Consello de Goberno, cando menos cun mes de antelación á expiración do mandato.
2. O financiamento das actividades de campaña electoral das candidaturas definitivas deberá ser transparente e en ningún caso deberá comprometer a autonomía universitaria. Por acordo do Consello de Goberno fixarase a cantidade destinada para sufragar a realización da campaña electoral, que poderá ser revisada en función do número de candidaturas que se presentaren, así como o procedemento de xustificación dos gastos, que en calquera caso deberán ser correntes.
3. De acordo co artigo 16.4 deste regulamento, se o número de candidaturas definitivas proclamadas fose só unha, a candidatura definitiva será proclamada electa sen necesidade de proceder á votación.

4. Será proclamada en primeira volta a candidatura que obtiver o apoio proporcional de máis da metade dos votos a candidaturas, unha vez feitas e aplicadas as ponderacións equivalentes.

5. Se ningunha candidatura acadar o apoio necesario para ser elixida en primeira volta, procederase a unha segunda elección a que só poderán concorrer as dúas candidaturas máis apoiadas na primeira votación, tendo en conta as ponderacións efectuadas. Nesta segunda volta será proclamada electa a candidatura que obtiver a maioría simple de votos, atendendo a esas mesmas ponderacións. Nesta segunda volta, os trámites serán os previstos no artigo 12.2 deste regulamento.

Artigo 36. Regras de ponderación de voto

1. Despois de procederse ao escrutinio dos votos, a Comisión Electoral Central determinará, para cada un dos sectores, o coeficiente de ponderación que corresponde aplicar aos votos validamente emitidos para os efectos de lles outorgar o valor aquí asignado.

2. Unha vez realizado o escrutinio, a Comisión Electoral aplicará a cada un dos sectores unha ponderación que permita aplicar aos votos validamente emitidos a candidaturas as porcentaxes fixadas nos Estatutos da UDC.

3. Para tales efectos, recorrerase á aplicación da seguinte fórmula:
 $CS = POS * NTVc / (100 * NTVcs)$.

POS (porcentaxe do sector)

NTVc (n.º total de votos obtidos polas candidaturas)

CS (coeficiente do sector) = $POS * NTVc / 100 * NTVcs$ (n.º total de votos obtidos polas candidaturas no sector)

4. O coeficiente calcularase con seis cifras decimais. O arredondamento efectuarase á baixa cando a sétima cifra decimal estiver comprendida entre cero e catro, e á alza nos demais casos. O número de votos ponderados correspondentes a cada candidatura en cada sector calcularase multiplicando o número de votos que obtén a candidatura polo coeficiente de ponderación do sector. En cada sector o número de votos ponderados de cada candidatura redondearase á unidade máis próxima. Se o primeiro decimal for catro ou inferior a catro, manterase a mesma unidade; se o primeiro decimal fose superior a catro, redondearase a unha unidade superior.

5. O número de votos ponderados totais correspondentes a cada candidatura é o resultado de sumar os votos ponderados da citada candidatura en cada sector.

CAPÍTULO II. ELECCIÓNS A DECANATO OU DIRECCIÓN DE CENTRO

Artigo 37. Convocatoria de eleccións a decanato ou dirección de centro

Son causas de cesamento que dan lugar á convocatoria de eleccións a decanato ou dirección de centro as seguintes:

a) A expiración do límite estatutariamente establecido para o seu mandato.

b) A perda da condición de elixible do/a decano/a ou director/a. A adscrición a outro centro distinto realizada polo departamento a que pertence o/a decano/a ou director/a sen constar a súa aceptación expresa non se considerará causa de cesamento.

c) O cesamento por pedimento propio.

d) A moción de censura presentada por cando menos un terzo dos membros da xunta, con proposta de candidato/a alternativo/a, e aprobada por maioría absoluta dos membros da xunta. Caso de non obter esa maioría, as persoas proponentes non poderán presentar outra durante o mesmo mandato.

Artigo 38. Persoas electoras

Nas eleccións a decanato e dirección de centro son persoas electoras todos os membros da xunta de centro correspondente.

Artigo 39. Persoas elixibles

Nas eleccións a decanato e dirección de centro son elixibles os membros da xunta profesores con vinculación permanente á Universidade adscritos ao respectivo centro que foren proclamados candidatos de forma definitiva. De acordo co artigo 16.4 deste regulamento, se o número de candidaturas definitivas proclamadas fose só unha, a candidatura definitiva será proclamada electa sen necesidade de proceder á votación.

Artigo 40. Modo de ter lugar a xunta para a elección de decano/a ou director/a

1. A xunta de centro reunirse en sesión extraordinaria na data sinalada na convocatoria. Será presidida polo/a decano/a ou director/a en funcións, salvo que se presentar como candidato/a, en cuxo caso será substituído/a polo membro de máis idade presente na xunta. O/a presidente/a concederá un espazo de 15 minutos a cada candidato/a para estes exporen perante a xunta o seu programa e, a continuación, outros 15 minutos para responderen as preguntas que lles formularen os membros da xunta. Finalizadas as intervencións, procederase á votación, que será nominal e secreta.

2. Nesta sesión actuará como secretaria a persoa que o for do centro, salvo que se presentar como candidata, en cuxo caso será substituída polo membro presente que designar o/a presidente/a.

Artigo 41. Proclamación de decano/a ou director/a de centro

1. Será proclamada decana ou directora de centro aquela persoa candidata que en primeira volta obtiver o voto da maioría absoluta dos membros da xunta.

2. No caso de non haber ningún/ha candidato/a que obtiver a maioría absoluta, procederase a unha segunda votación na mesma sesión da xunta, en que resultará elixido/a o/a candidato/a que obtiver un maior número de votos.

3. O resultado da votación será comunicado á Comisión Electoral Central para a súa correspondente publicación de acordo coa convocatoria das eleccións.

CAPÍTULO III. ELECCIÓNS A DIRECCIÓN DE DEPARTAMENTO

Artigo 42. Convocatoria de eleccións a dirección de departamento

Son causas de cesamento que dan lugar á convocatoria de eleccións a dirección de departamento as seguintes:

- a) A expiración do límite estatutariamente establecido para o seu mandato.
- b) A perda da condición de elixible do/a director/a.
- c) O cesamento por pedimento propio.
- d) A moción de censura presentada por cando menos un terzo dos membros do consello, con proposta de candidato/a alternativo/a, e aprobada por maioría absoluta dos membros do consello. Caso de non obter esa maioría, as persoas proponentes non poderán presentar outra durante o mesmo mandato.

Artigo 43. Persoas electoras

Nas eleccións a dirección de departamento son persoas electoras todos os membros do consello de departamento correspondente, agás o profesorado doutor vinculado por relación laboral temporal que non cumprir os límites temporais previstos no artigo 3.1.b.

Artigo 44. Persoas elixibles

1. Nas eleccións a dirección de departamento son elixibles os membros do consello profesores doutores con vinculación permanente á Universidade que foren proclamados candidatos de forma definitiva.

2. A pesar do disposto no parágrafo anterior, poderá ser elixible nas eleccións a director/a de departamento o profesorado que non for doutor con vinculación permanente, nos seguintes supostos:

- a. Cando ningún membro do profesorado doutor con vinculación permanente for proclamado candidato.
- b. Cando existindo persoas candidatas profesoras doutoras con vinculación permanente, ningunha delas obtivese os votos da maioría absoluta dos membros do consello de departamento. Na sesión extraordinaria do consello de departamento, segundo o artigo seguinte, poderá presentarse como persoa candidata calquera persoa do profesorado do consello de departamento, e para os efectos do artigo 45 dos Estatutos da UDC o reitor/a propondrá o nomeamento como candidato/a.

Neste suposto, os membros do profesorado non-doutor con vinculación permanente así proclamados candidatos só poderán resultar elixidos directores de departamento cando obtiveren, en segunda volta, un número de votos superior ao acadado polo membro do profesorado doutor con vinculación permanente que obtivese un maior número de votos en primeira volta. De se non dar este suposto, proclamárase director/a o/a candidato/a membro do profesorado doutor con vinculación permanente que obtivese un maior número de votos en primeira volta.

3. De acordo co artigo 16.4 deste regulamento, se o número de candidaturas definitivas proclamadas fose só unha no proceso electoral, a persoa candidata definitiva será proclamada electa sen necesidade de proceder á votación.

Artigo 45. Modo de ter lugar o consello de departamento para a elección de director/a

1. O consello de departamento reunirse en sesión extraordinaria na data sinalada na convocatoria. Será presidida polo/a director/a en funcións, salvo que se presentar como candidato/a, en cuxo caso será substituído/a polo membro de máis idade

presente no consello. O/a presidente/a concederá un espazo de 15 minutos a cada candidato/a para estes exporen ante o consello o seu programa, e a continuación outros 15 minutos para responderen as preguntas que lles formularen os membros do consello. Finalizadas as intervencións, procederáse á votación, que será nominal e secreta.

2. Nesta sesión actuará como secretaria a persoa que o for do departamento, salvo que se presentar como candidata, en cuxo caso será substituída polo membro presente que designar o/a presidente.

Artigo 46. Proclamación de director/a de departamento

1. Será proclamado/a director/a de departamento o/a candidato/a que en primeira volta obtiver o voto da maioría absoluta dos membros do consello.

2. No caso de non haber ningunha persoa candidata que obtiver a maioría absoluta, procederáse a unha segunda votación, en que resultará elixida a persoa candidata que obtiver un maior número de votos. Esta votación producirase na mesma sesión do consello, mesmo que resultar de aplicación o establecido polo artigo 44.2 deste regulamento.

3. O resultado da votación será comunicado á Comisión Electoral Central para a súa correspondente publicación de acordo coa convocatoria das eleccións.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Primeira. Representación do PAS en xuntas de centro e consellos de departamento

Para efectos electorais, o persoal das UXAI estará adscrito a todos os centros aos que preste os seus servizos e serán elixibles xunto co resto do PAS do centro.

Para efectos electorais, o persoal das UADI estará adscrito a todos os departamentos e centros aos que preste os seus servizos.

Segunda. Porcentaxes de representación

Cando das porcentaxes de representación dos distintos sectores e/ou circunscricións nos órganos colexiados resultaren cifras non-enteiras cuxo decimal for igual ou superior a cinco redondearase ao número enteiro superior máis próximo. Se o decimal for inferior a cinco prescindirase del, salvo que a cifra resultante non acadar a unidade, en cuxo caso será esta a tida en conta. Se ao aplicar esta regra a cifra de representantes resultante non coincide co número de postos para cubrir, asignarase o número enteiro correspondente garantindo a representación de todos os sectores e/ou circunscricións, e o resto dos postos asignarase un a cada un dos sectores e/ou circunscricións que tiver unha fracción decimal maior.

Terceira. Potestade disciplinaria

O/a reitor/a exercerá a potestade disciplinaria por proposta da Comisión Electoral Central naqueles casos en que se incumprir a normativa que contén este regulamento ou no caso de negativa a asumir os deberes que este establece.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Para os efectos da aplicación deste regulamento, o estudiantado dos estudos de primeiro e segundo ciclo para extinguir serán considerados, respectivamente, estudiantado de grao e mestrado.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogadas todas aquelas disposicións anteriores, de rango inferior ou igual, que se opuxeren ao disposto neste regulamento.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Consello de Goberno.

ANEXO I

Centros propios da Universidade da Coruña

A Coruña

Escola Técnica Superior de Arquitectura
Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos
Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas
Escola Universitaria de Arquitectura Técnica
Facultade de Ciencias
Facultade de Ciencias da Comunicación
Facultade de Ciencias da Educación
Facultade de Ciencias da Saúde
Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física
Facultade de Dereito
Facultade de Economía e Empresa
Facultade de Filoloxía
Facultade de Fisioterapia
Facultade de Informática
Facultade de Socioloxía

Ferrol

Escola Politécnica Superior
Escola Universitaria de Deseño Industrial
Escola Universitaria Politécnica
Facultade de Ciencias do Traballo
Facultade de Enfermaría e Podoloxía
Facultade de Humanidades e Documentación

Departamentos da Universidade da Coruña

Departamento de Química

Departamento de Física e Ciencias da Terra

Departamento de Bioloxía

Departamento de Ciencias Biomédicas, Medicina e Fisioterapia

Departamento de Ciencias da Saúde

Departamento de Enxeñaría Naval e Industrial

Departamento de Enxeñaría Industrial

Departamento de Ciencias da Navegación e Enxeñaría Mariña

Departamento de Enxeñaría Civil

Departamento de Matemáticas

Departamento de Enxeñaría de Computadores

Departamento de Computación

Departamento de Construcións e Estruturas Arquitectónicas, Cívís e Aeronáuticas

Departamento de Expresión Gráfica Arquitectónica

Departamento de Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición

Departamento de Dereito Privado

Departamento de Dereito Público

Departamento de Economía

Departamento de Empresa

Departamento de Educación Física e Deportiva

Departamento de Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación

Departamento de Pedagogía e Didáctica

Departamento de Psicoloxía

Departamento de Socioloxía e Ciencias da Comunicación

Departamento de Humanidades

Departamento de Letras